

Boas nenos e nenas!

A actividade que vos propoño esta semana consiste en crear botes de mensaxes para os amigos e familiares que non podemos ver estes días. Podemos facer tantos botes como queiramos: para a avoa, un amigo, unha curmá, o padriño,...

Podedes usar botes de cristal, caixiñas ou o calquera recipiente que teñades na casa. Teredes que facer etiquetas para poder identificalos. En cada bote meteredes distintas mensaxes ou pequenos debuxos para as persoas que estrañades. Algunhas das mensaxes poden ser: quérote moito, teño ganas de verte, estou desexando volver a xogar contigo,... ou podemos debuxar bicos ou corazóns. O que queiramos!

Así cando os volvamos a ver poderemos regalarlles estes botes cheos de amor e agarimo.

Algúns exemplos inspiradores:



Enviádeme soamente a foto do bote. As mensaxes son persoais e non me as tedes que amosar.

Data de entrega: 17/05/2020 (Pero podedes seguir facendo botes e metendo mensaxes ata que vexades a esas persoas)

Enviar a: lucia.varela@edu.xunta.gal (Se vos da problemas esta dirección, podedes intentar a lucia.varela@edu.xunta.es)